

**Luis P. Ferreiro**

A CORUÑA

A literatura de viaxes é un xénero que non sempre recibiu toda a atención que merece, pese a que autores tan coñecidos coma Camilo José Cela e Ryszard Kapuscinski fixeron moito pola súa significación. Os responsables do terceiro encontro literario Cidade da Coruña non comparten o criterio dos que non consideran os relatos de viaxes unha categoría literaria, e decidiron adicarlle as súas actividades deste ano, baixo o epígrafe de *Literatura e viaxe*.

O Encontro, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) en colaboración coa concellaría de Cultura, consistirá nunha serie de cinco conferencias que se desenvolverán entre o 19 de abril e o 19 de maio, nas que participarán tanto escritores estranxeiros—Juan Gelman, Helia Correia e Alberto Mangel— como galegos—Miguel Anxo Murado e Xavier P. Docampo—.

As conferencias foron presentadas onte pola concelleira de Cultura, María Xosé Bravo, e polo presidente da AELG, Cesáreo Sánchez. A edil mostrou a súa satisfacción pola temática elixida para o encontro, e falou dos múltiples significados que se poden extraer da literatura de viaxes. Recordou tamén unha frase dun dos ponentes: “Hai

# Os camiños da literatura

O terceiro encontro literario Cidade da Coruña, no que pronunciarán conferencias autores como Xavier P. Docampo, Alberto Mangel e Juan Gelman, está adicado este ano ás narracións de viaxes



Cesáreo Sánchez e María Xosé Bravo, onte, na presentación do encontro. / LA OPINIÓN

que ter tamén en conta as viaxes imaxinarias de Xavier P. Docampo, que dixo que, dende o seu comezo, as viaxes son un regreso”. Tras reivindicar a lectura como un derei-

to colectivo, Bravo cedeu á palabra ao presidente da AELG, que pasou a facer un percorrido polo miúdo dos literatos que pasarán pola sede da Real Academia Galega, re-

cinto no que se desenvolverán as conferencias.

Cesáreo Sánchez manifestou a súa ledicia ante a consolidación do evento, sinal inequívoco do nivel

cultural da Coruña: “Esta é unha cidade que le. Pero temos un soño ánda maior, o de que poidamos ter, ao igual que en Dublín, unha casa do escritor. Ánda que temos o soño feito realidade dese encontro”. O dirixente dos escritores galegos destacou especialmente a presencia de dúas das voces que se poderán escutar nas charlas, a do arxentino Juan Gelman —que falará o 19 de abril— e a do mexicano Alberto Mangel —que o fará o 11 de maio—. “Gelman é o poeta vivo máis importante en lingua castelá, cunha obra que ten un antes e un despois do seu exilio”, relatou Sánchez, que recordou o drama familiar do autor: “O seu fillo e a súa nora foron asasinados pola dictadura de Videla, e a súa neta foi secuestrada, a inda que puideron reencontrarse fai poucos anos”. Do mexicano Alberto Mangel, destacou que gañou premios tan prestixiosos como o Cervantes, o Premio Nacional de Literatura do seu país e o Raíña Sofía de Poesía, e o seu gran interese persoal en acudir ao encontro, pese a ter xa 80 anos.